

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 2 de febreiro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:00 h.

HORA DE REMATE: 20:45 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 12, 19 E 27 DE XANEIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 12 e 27 de xaneiro de 2015.

Así mesmo, A Xunta de Goberno Local acordou deixar pendente de aprobación, pendente de mellor estudo o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 19 de xaneiro de 2015.

**URBANISMO E VIVENDA**

## **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

### **2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando

certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 25.345.-** A Miguel Dacosta Fernández e Laura Espinosa González, para

na Serra de Poente, nº 3-Cangas, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 128,90 m<sup>2</sup>., de planta baixa, dos cales 44,34 m<sup>2</sup>., son de garaxe, 81,31 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta e 33,17 m<sup>2</sup>., de terrazas, de conformidade co proxecto do arquitecto, José Díaz de la Iglesia de decembro de 2014, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de MIL SETECENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (1.736,48 €).

## 2.A.2) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 24.832.-** O tramitado a instancia de Oscar Otero Vidal, para muro de contención en Piñeiro-Darbo, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 27 de novembro de 2013.

**EXPEDIENTE Nº 25.049.-** O tramitado a instancia de Maria Jesús Alonso Fernández, para muro de contención en Erbello-Aldán, acórdase declaralo caducado de

conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 11 de agosto de 2014.

### 2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

**EXPEDIENTE N° 24.869.-** A Gabriel Pin Fernández, para en Camping de Espiñeira-Aldán, realizar acopio de restos vexetais nunha superficie de 100,00 m2., de conformidade coa documentación presentada e debendo cumprir as determinacións da LOUGA e das Normas Subsidiarias do Concello de Cangas.

### 2.B) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Incidencias: no tratamento do expediente n° 1.692 ausentouse do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

### **EXPEDIENTE N° 1.692.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR OSCAR NÚÑEZ VILLAR**

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a bocatería, en Rúa Real, n° 39-baixo A-Cangas, peticiónada por Oscar Núñez Villar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación do día 21 de xaneiro de 2015.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

### **3°.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.150.- GAS GALICIA S.G.D.S.A., canalización subterránea en Rúa Real, n° 42-44- Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.151.- GAS GALICIA S.G.D.S.A., canalización subterránea en Rúa Lirio-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.155.- GAS GALICIA S.G.D.S.A., canalización subterránea en Fonte do Galo-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.358.- GAS GALICIA S.G.D.S.A., canalización subterránea en Rúa Real, nº 46-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.189.- GAS GALICIA S.G.D.S.A., canalización subterránea en rúas Berbetaña, Síngulis e Píos en Cangas.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE N° 1.747.- Mónica Otero Barbosa, cambio titularidade cafetería panadería na Avda. Ourense, nº 80-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.781.- Marta Lemos Jorge, bar-cafetería en Rúa Lirio, nº 11-Cangas.

### EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

#### **4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SINATURA DE CONVENIO PARA REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN FÍSICO-DEPORTIVA E RECREATIVA NA CASA DA XUVENTUDE**

Dáse conta de proposta do día 29.1.15 do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a sinatura de convenio para a realización de prácticas de actividades na Casa da Xuventude, que di o seguinte:

*"D. José Luis Gestido Porto, Concelleiro de Xuventude do Concello de Cangas*

*INFORMA: da solicitude de prácticas non laborais de Sandra Malvido Malvido correspondentes aos certificados e especialidades AFDA211-ANIMACIÓN FÍSICO DEPORTIVA E RECREATIVA, para realizar na Ludoteca da Casa da Xuventude do Concello de Cangas.*

*SOLICITA: se suscriba o acordo de colaboración."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Educación, Cultura, Xuventude e Voluntariado, referente a sinatura de convenio para a realización de prácticas de actividades na Casa da Xuventude, así como, facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio de referencia.

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **5º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN**

#### **5.A) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE ESPELLO**

Vista a solicitude presentada o día 15.12.14 por JOAQUÍN MARTÍNEZ SOLIÑO, na que demanda a instalación dun espello na saída do cruce existente no lugar da Serra Nacente, nº 12-Darbo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe do día 26.9.14 emitido pola Policía Local, acorda autorizar a instalación dun espello na saída do cruce existente no lugar da Serra Nacente, nº 12-Darbo.

#### **5.B) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL**

Examinada a solicitude presentada o día 17.7.14 por CARMEN BERNÁRDEZ QUEIMAÑO, na que reclama a instalación de sinalización vertical, así como diversa sinalización horizontal no lugar de Devesa, nº 5-Coiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local o día 21.7.14, acorda autorizar o solicitado pola Sra. Bernárdez Queimaño, e polo tanto, deberase pintar de novo a liña amarela existente e poñer outra frecha no sinal vertical. Denégase, así mesmo, a solicitude de limitación de circulación de vehículos de tonelaxe, pesados ou de grandes dimensións, na zona de Devesa, nº 5-Coiro.

#### **5.C) SOLICITUDE DE SINAL DE CARGA E DESCARGA EN RÚA DAVID CAL, N° 3**

Vista a solicitude do día 2.9.14 presentada por ALFONSO OTERO MAYO, en representación da entidade "CAL BARRAL, S.L.", na que reclama sinalización vertical de zona de carga e descarga no lugar de Rúa David Cal, nº 3-O Hío.

Así mesmo, dase conta de informe emitido pola Policía Local o día 26.9.14, que é como segue:

*"N° REX: 1918/14*

*ASUNTO: PEDIMENTO DE SINAL DE CARGA E DESCARGA EN RÚA DAVID CAL, N° 3*

*A Policía Local de Cangas con relación no escrito presentado por Alfonso Otero Mayo, por parte desta policía non existe inconveniente en autorizar unha sinalización xenérica*

*de carga e descarga que prohiba estacionar de 8:00 a 15:00 e 17.00 a 20.00, agás carga e descarga e que se pinte con liña amarela continua (sinalización horizontal) a outra marxe da vía para prohibir a parada e o estacionamento de vehículos. "*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente.

## **PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

### **6º.- ESCRITO DE XOSÉ ANXO GOBERNA HERNÁNDEZ S/COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA**

Dase conta do escrito presentado o día 26.1.15 por XOSÉ ANXO GOBERNA HERNÁNDEZ, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, coa categoría de inspector de rendas exaccións e obras, e por dar por finalizada o día 15.2.15 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, por xubilación regulamentaria a partir do día 15.2.15, a XOSÉ ANXO GOBERNA HERNÁNDEZ no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE ENERXÍA PARA VEHÍCULO DA POLICÍA LOCAL**

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 29.1.15, referente a adxudicación de contrato menor de subministración de equipos de enerxía para vehículo da Policía Local, que di o seguinte:

#### **"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

*Vista a necesidade deste concello de proceder ao equipamento do vehículo para o servizo da Policía Local, modelo 'Dacia Duster Ambiance DCI 110 cv', adquirido por Resolución de Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2015.*

*Adquirir un vehículo para a policía municipal polos motivos expostos no informe da Concellería de Seguridade, Tráfico, Policía Local e Protección Civil, do día 15 de xaneiro de 2015 e por tanto, se considera imprescindible efectuar a contratación de tal subministración.*

*De conformidade co presuposto elaborado o día 08.01.2015 por 'Sepy-Medical, S.L.U.', o importe do contrato para a subministración e instalación do equipamento necesario para destinar o vehículo 'Dacia Duster Ambiance DCI 110 cv', á Policía Local, ascendería á cantidade de 5.590,00 euros, máis 1.173,90 euros de IVE.*

*Dadas as características da subministración procede o contrato menor.*

*Visto que consta no expediente a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.*

*Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*DISPOÑO:*

*PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato de subministración e instalación do equipamento necesario para destinar o vehículo 'Dacia Duster Ambiance DCI 110 cv', á Policía Local, mediante o procedemento do contrato menor, co contratista 'Sepy-Medical, S.L.U.', con CIF nº B-36484822, por un importe de CINCO MIL CINCOCENTOS NOVENTA EUROS (5.590,00 €) máis MIL CENTO SETENTA E TRES EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (1.173,90 €) de IVE.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente á prestación da subministración con cargo á partida correspondente do vixente orzamento.*

*TERCEIRO.- Notificar a resolución ao adxudicatario, requeríndolle para que presente a seguinte documentación prazo de dez días hábiles:*

*- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.*

*- Documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.*

*CUARTO.- Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.*

*QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente



a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación de contrato menor de subministración de equipos de enerxía para vehículo da Policía Local.

## **8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

### **8.A) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 154/2014**

Dáse conta de decreto nº 209/2014 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, recaído no procedemento abreviado nº 154/2014; procedemento ordinario nº 7601/2013, promovido por Victoriano Rivas Iglesias, no que se procede ao desestimento e arquivo do recurso interposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento de decreto nº 209/2014 ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, recaído no procedemento abreviado nº 154/2014; procedemento ordinario nº 7601/2013, promovido por Victoriano Rivas Iglesias.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) CONVENIO DO CONCELLO DE CANGAS COA ENTIDADE "ALONDRAS, C.F.", EN MATERIA DE OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN**

Dáse conta de borrador de convenio do Concello de Cangas coa entidade deportiva "ALONDRAS, C.F.", en materia de outorgamento de subvención prevista nominativamente nos orzamentos, que é como segue:

"CONVENIO DO CONCELLO DE CANGAS CO ALONDRAS C.F.

*CONVENIO PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NOS ORZAMENTOS*

*Reunidos en Cangas, a ... de ... de dous mil quince.*

*Por unha banda, D. Don Enrique Sotelo Villar, con D.N.I. número 35.285.485N, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Cangas do Morrazo., actuando no seu nome e representación, de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Por outra banda, Don Luis Guimeráns Curra, con D.N.I. nº 35.301.773-Q, en nome e representación da entidade Alondras Club de Fútbol, con CIF núm. G36011187, con domicilio a efectos do presente convenio en Avenida de Bueu, número 2-3ºD de Cangas, actuando como presidente de Alondras Club de Fútbol.*

*Ámbalas dúas partes recoñécense plena capacidade para levar adiante o presente convenio, e en consecuencia,*

#### **EXPOÑEN:**

*PRIMEIRO.- Que nos orzamentos xerais do Concello de Cangas para o exercizo 2015, aprobados con data 22 de decembro de 2014, consígnanse CINCUENTA MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (50.485,02 €) para o outorgamento da concesión de subvención de maneira directa á entidade Alondras Club de Fútbol; conforme co disposto nos artigos 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; 36 e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que prevé a posibilidade de conceder directamente subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.*

*SEGUNDO.- Que a entidade Alondras Club de Fútbol, é unha entidade dedicada a práctica do fútbol e, segundo os seus estatutos, ten como obxecto primordial o fomento e a práctica da actividade física e deportiva polos asociados, así como, a participación en actividades e competicións oficiais, sen ánimo de lucro; atopándose actualmente nunha situación de dificultade económica pola existencia dunha débeda derivada dun préstamo persoal coa entidade financeira actualmente denominada ABANCA.*

*TERCERO.- Que o concello, dentro do plan de actuación deportiva, ten como obxecto, entre outros, a promoción deportiva local e o apoio ao asociacionismo deportivo.*

*CUARTO.- Que en virtude do artigo 37.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos.*

*En virtude do exposto, as partes acordan realizar o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes*

#### **CLÁUSULAS:**

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto o outorgamento polo Concello de Cangas, con cargo á aplicación orzamentaria 340-48 do orzamento de gastos do concello, dunha subvención por importe de CINCUENTA MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (50.485,02 €) á entidade Alondras Club de Fútbol.*

*SEGUNDA.- Que a sinalada subvención ten por obxecto o pago por Alondras Club de Fútbol do préstamo personal núm. 5362.052.000275.2, con numeración interna 500-5451-105/4 concertado coa entidade ABANCA.*

*TERCEIRA.- Alondras Club de Fútbol obrígase polo presente convenio ao seguinte:*

*- Á realización e cumprimento do obxecto que determina a concesión da subvención indicada.*

*- Someterse ás actuacións de inspección e control que se realice por parte dos servizos municipais e facilitar toda a información que lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*- Notificar ao concello calquera modificación que se pretenda realizar no obxecto do presente convenio, que deberá ser autorizado previamente.*

*- Presentar, no prazo de 10 días hábiles a computar desde a sinatura do presente convenio, os documentos acreditativos da xustificación da subvención concedida.*

*- Reintegrar a subvención pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 a 93 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*CUARTA.- Que o concello se compromete a aportar a cantidade económica de CINCUENTA MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (50.485,02 €), de conformidade co previsto nos orzamentos xerais do concello para o exercizo 2015.*

*QUINTA.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*De acordo ámbalas dúas partes co sentido do presente convenio, suscribese este por duplicado no lugar e data indicada.*

*Para que así conste e en proba de conformidade, asínanse por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.*

*Polo Excmo. Concello de Cangas  
O ALCALDE-PRESIDENTE*

*Polo ALONDRAS C.F.  
O PRESIDENTE*

*José Enrique Sotelo Villar*

*Luis Guimeráns Curra."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o borrador de convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e a entidade deportiva "ALONDRAS, C.F.", en materia de outorgamento de subvención prevista nominativamente nos orzamentos do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio de referencia.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á entidade deportiva "ALONDRAS, C.F.", así como, ao departamento de Intervención e Concellería de Deportes.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente